



## Inscripción

Destinado a persoas adultas con **coñecementos previos en baile** tradicional.

Matricula gratuíta cun custe por materiais de 5 €, 3 € para persoas desempregadas e sen custe ningún para as persoas socias do Museo.

Inscripción previa ata o 4 de setembro no tfno. 981583620 ou en [deac@museodopobo.gal](mailto:deac@museodopobo.gal)  
O número máximo de participantes é de 40, por orde de inscrición. Só serán válidas as inscricións feitas por estas vías e con confirmación do DEAC.



Museo  
do Pobo  
Galego




CONCELLO DE  
SANTIAGO  
Concellaría de Cultura



XUNTA  
DE GALICIA

Imaxe tirada da serigrafía Muiñeira (1967)  
de Luis Seoane. Fundación Luis Seoane.



## A Voltas co Baile

## A Muiñeira

Sábado 12 de setembro de 2015  
Museo do Pobo Galego  
De 11h a 14h e de 16h30 a 19h

Entre os anos 1884 e 1924, o prestixioso musicólogo don Casto Sampedro y Folgar, daquela presidente da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, conságrase á descomunal tarefa de recompilar, analizar e describir as músicas e os bailes da nosa terra no que, anos despois, sería publicado como *Cancioneiro Musical de Galicia*, o primeiro no seu xénero. Describe na segunda parte, sección dedicada aos bailes, a *muiñeira* e algunhas das súas variantes, tales como o *contrapaso*, a *ribeirana*, o *golpe*, a *carballea*, a *chouteira* e a *redonda*. Cantos destes bailes chegaron aos nosos días? No caso da súa desaparición, mantéñense pasos destes bailes nos puntos actuais? Son realmente variantes da muiñeira ou teñen outra procedencia? Garda similitudes a nosa muiñeira con outros bailes sociais da Península e de Europa? En que momento pasamos da sinxeleza da *danza prima* á complexidade dos puntos e pasos que se fan na actualidade? Todas estas e outras cuestións relacionadas co noso baile máis popular serán abordadas neste cursiño monográfico.

## Programa:

### Parte teórica

1. O baile social en Europa.
2. Breve descrición do baile solto en Galicia.
3. Bailes e danzas europeas e peninsulares a ritmo binario (2/4, 4/4, 6/8 etc.).
4. A muiñeira en Galicia: importancia, variantes, nomenclatura.

### Parte práctica

1. “Adiante, atrás”: pasos base de muiñeira.
2. Composición de puntos no sur de Pontevedra.
3. Muiñeiras vellas: danza e contradanza, ribeirana, carballea, piruxalda.
4. Muiñeiras novas: punteada, cruzada.

## Imparte:

### Luís Prego

Vigo, 1971. Recompilador e estudoso do folclore tradicional galego, comezou a súa andaina no mundo da danza en 1975 na escola de *Lembranzas Galegas*. Mestre de gaita, requinta, percusión, canto tradicional e coral e baile tradicional desde 1989. Fundador do grupo *O Fiadeiro* de Vigo. Director dos grupos *Albendeira*, *Traloval* e *Adonairare*, entre outros, e do *Orfeón Mariñeiro do Berbés*. Ten impartido cursos en numerosos centros galegos da diáspora e por toda a Península Ibérica.

Membro do grupo de música folk *Ardentía*, co cal ten publicados cinco traballos discográficos. É tamén xestor da páxina de Facebook “Música e baile de Galiza” e autor de *Para cantar e bailar* (Ed. do Cumio, 2008) e *Xogos musicais* (Ed. do Cumio, 2013).

Recibiu varias homenaxes pola súa traxectoria e dedicación ao folclore galego, como no X Día do Orgullo Gaitero ou no 75º Festival de Música Tradicional Os Alegres.